

## **INSTRUCCIÓN VIII-2021 DA XERENCIA SOBRE A IMPUTACIÓN DE GASTOS DE ALOXAMENTO**

A Universidade de Santiago de Compostela dispón dun número considerable de prazas de aloxamento na Casa de Europa no Sistema Universitario de Residencias (SUR), destinadas a persoal visitante externo, como se informa nos anexos I e II, respectivamente.

Para o cumprimento dos principios de eficiencia e economía na utilización de recursos públicos, establecidos no Regulamento de xestión orzamentaria da USC, faise preciso que as necesidades de aloxamento se intenten satisfacer cos recursos propios, antes de recorrer a establecementos hostaleiros.

Neste sentido, o artigo 16 dos Orzamentos da USC para o exercicio 2021 establece o seguinte:

*1. O Regulamento de Indemnizacións por razón do servizo, aprobado polo Consello de Goberno da USC o 29 de decembro de 2020, establece os supostos que dan dereito a abonar contías por estes conceptos con cargo ao orzamento da USC.*

*Para o aloxamento nas cidades de Santiago de Compostela e Lugo, darase prioridade ás residencias universitarias propias e á Casa Europa. A Xerencia pode esixir a acreditación da non dispoñibilidade de praza nas citadas dependencias para autorizar a tramitación do gasto ou a reposición de fondos.*

Co fin de establecer un mecanismo áxil para acreditar a non dispoñibilidade de praza para o aloxamento na Casa de Europa e no Servizo Universitario de Residencias (SUR), e de acordo co previsto na Disposición derradeira primeira dos Orzamentos da USC para 2021, pola cal se faculta ao Xerente para ditar as disposicións necesarias para o desenvolvemento e execución do previsto nos orzamentos,

**RESOLVO,**

### *Primeiro. Confirmación de dispoñibilidade*

Cando se invite a persoal doutras institucións para colaborar en calquera das actividades propias da USC, e esa participación supoña a necesidade de aloxamento nas cidades de Santiago de Compostela ou de Lugo, será requisito imprescindible para aboar o custo da indemnización por aloxamento á que teña dereito esa persoa que o centro ou unidade que curse a invitación realice unha consulta de dispoñibilidade de aloxamento á Casa de Europa e ao SUR. No caso de non existir prazas dispoñibles deberase acreditar a non existencia de aloxamento nas datas necesarias nestas instalacións.

## Segundo. Acreditación da non dispoñibilidade de aloxamento

a) Casa de Europa. Desde o centro ou unidade enviarase un correo á Casa de Europa ([informacion.casaeuropa@usc.es](mailto:informacion.casaeuropa@usc.es)) coa seguinte información:

*Solicitamos que nos informen da dispoñibilidade de \_\_\_ cuarto(s) para as persoas e datas que se indican:*

<i>Centro ou unidade que fai a solicitude</i>	
<i>Don/dona</i>	
<i>Datas</i>	
<i>Observacións (necesidades especiais, etc)</i>	

## b) Sistema Universitario de Residencias

Efectuarase a consulta de dispoñibilidade a través do formulario de [reserva de aloxamento para visitantes](#)

## Terceiro. Tramitación no caso de non dispoñibilidade

A Casa de Europa e o Servizo Universitario de Residencias responderán as consultas indicadas informando a dispoñibilidade ou non de cuartos para as datas e condicións indicadas, e procederase a formalizar a reserva de aloxamento.

Cando as respostas citadas sexan negativas, estas converterase en documentos PDF e acompañaranse á tramitación dos gastos de aloxamento nun establecemento externo como condición imprescindible para que o centro ou unidade reciba a reposición do dito gasto.

## *Disposición adicional. Actualización de tarifas*

As tarifas que se indican nos anexos son as vixentes nesta data, e poderán ser actualizadas anualmente.

## *Disposición transitoria. Reservas xa realizadas*

O procedemento establecido no apartado primeiro non será de aplicación ás reservas en aloxamentos hostaleiros realizadas antes da data de publicación da presente Instrución.

O xerente  
Javier Ferreira Fernández

## ANEXO I

### **CASA DE EUROPA**



A **Casa de Europa** ten 6 cuartos dobres (cama de matrimonio), das cales 4 teñen opción de supletoria.

O prezo do cuarto individual (almorzo incluído) é: 65,97€ IVE incluído.

O prezo do cuarto dobre (almorzos incluídos) é: 84.49€ IVE incluído.

O prezo da supletoria (almorzo incluído) é: 16,29€ IVE incluído



## ANEXO II

### **SISTEMA UNIVERSITARIO DE RESIDENCIAS**

O SUR dispón das seguintes prazas para visitantes

Residencia	Número de prazas	Tipo de prazas
RU Bal y Gay:	3	3 cuartos individuais
RU Burgo das Nacións:	22	7 cuartos dobres: 14 prazas/ 8 cuartos individuais) (apartamentos: 3 grandes: 12 prazas/4 medianos: 12 prazas/2 pequenos: 4 prazas
RU Monte da Condessa	22	1 apartamento de 3 prazas/3 cuartos dobres: 6 prazas/13 cuartos individuais
CM Fonseca	6	6 cuartos individuais
CM Rodríguez Cadarso	15	6 cuartos dobres: 12 prazas/ 3 cuartos individuais
RU Burgo das Nacións (apartamentos):	28	9 apartamentos: 2 pequenos, 4 medianos e 3 grandes) que suman cando están cheos un máximo de 28 prazas.

### **PREZOS VISITANTES**

#### **1.- PREZOS DOS CUARTOS INDIVIDUAIS E DOBRES PARA VISITANTES**

Atendendo á duración da estadia considéranse tres tramos económicos que supoñen unha redución do custo inicial. Nos seguintes cadros calcúlase o prezo por día e tramo:

<b>CUARTOS INDIVIDUAIS</b>					
Primeiro tramo		Segundo tramo		Terceiro tramo	
1 día	25,50	11 días	240,50	21 días	355,50
2 días	51,00	12 días	256,00	22 días	360,50
3 días	76,50	13 días	271,50	23 días	365,50
4 días	102,00	14 días	282,00	24 días	370,50
5 días	127,50	15 días	292,50	25 días	375,50
6 días	153,00	16 días	303,00	26 días	380,50
7 días	178,50	17 días	313,50	27 días	385,50
8 días	194,00	18 días	324,00	28 días	390,50
9 días	209,50	19 días	334,50	29 días	395,50
10 días	225,00	20 días	345,00	30 días	397,80

<b>CUARTOS DOBRES</b>					
1 día	43,00	11 días	413,00	21 días	586,50
2 días	86,00	12 días	444,00	22 días	596,50
3 días	129,00	13 días	464,50	23 días	606,50
4 días	172,00	14 días	485,00	24 días	614,50
5 días	215,00	15 días	505,50	25 días	619,50
6 días	258,00	16 días	526,00	26 días	624,50
7 días	289,00	17 días	546,50	27 días	629,50
8 días	320,00	18 días	556,50	28 días	634,50
9 días	351,00	19 días	566,50	29 días	639,50
10 días	382,00	20 días	576,50	30 días	642,60

Se a estadía é superior a un mes, o prezo de cada día que exceda do dito mes será de 13,26 € no cuarto individual e de 21,42 € no cuarto dobre.

Ao persoal da USC que por razóns de traballo precise aloxarse puntualmente no Servizo Universitario de residencias, se lle aplicarán os prezos de visitantes para estadías superiores a un mes (13,26 € no cuarto individual e 21,42 € no cuarto dobre). Poderá solicitar calquera Residencia ou Colexio, agás o Colexio Maior Rodríguez Cadarso.

A estes prezos hai que engadirlle o 10% de IVE

## 2.- PREZOS DOS APARTAMENTOS PARA VISITANTES

A reserva mínima nos apartamentos será de 5 días, e nos seguintes cadros calcúlase os prezos por día e tramo

PREZOS PARA OS APARTAMENTOS PEQUENOS					
Primeiro tramo		Segundo tramo		Terceiro tramo	
1 DIA	48,00	11 días	468,00	21 días	599,00
2 días	96,00	12 días	483,50	22 días	604,00
3 días	144,00	13 días	499,00	23 días	609,00
4 días	192,00	14 días	514,50	24 días	614,00
5 días	240,00	15 días	530,00	25 días	619,00
6 días	288,00	16 días	545,50	26 días	624,00
7 días	324,00	17 días	561,00	27 días	629,00
8 días	360,00	18 días	571,00	28 días	634,00
9 días	396,00	19 días	581,00	29 días	639,00
10 días	432,00	20 días	591,00	30 días	642,60

PREZOS PARA OS APARTAMENTOS MEDIANOS					
Primeiro tramo		Segundo tramo		Terceiro tramo	
1 día	54,00	11 días	519,00	21 días	657,50
2 días	108,00	12 días	539,50	22 días	664,00
3 días	162,00	13 días	560,00	23 días	669,00
4 días	216,00	14 días	580,50	24 días	674,00
5 días	270,00	15 días	601,00	25 días	679,00
6 días	324,00	16 días	611,00	26 días	684,00
7 días	363,00	17 días	621,00	27 días	689,00
8 días	402,00	18 días	631,00	28 días	694,00
9 días	441,00	19 días	641,00	29 días	699,00
10 días	480,00	20 días	651,00	30 días	703,80

PREZOS PARA OS APARTAMENTOS GRANDES					
Primeiro tramo		Segundo tramo		Terceiro tramo	
1 día	66,00	11 días	601,00	21 días	780,50
2 días	132,00	12 días	632,00	22 días	786,00
3 días	198,00	13 días	663,00	23 días	791,50
4 días	264,00	14 días	694,00	24 días	797,00
5 días	330,00	15 días	709,00	25 días	802,50
6 días	396,00	16 días	724,00	26 días	808,00
7 días	437,00	17 días	739,00	27 días	813,50
8 días	478,00	18 días	754,00	28 días	819,00
9 días	519,00	19 días	764,50	29 días	824,50
10 días	560,00	20 días	775,00	30 días	826,20

Se a estadia é superior a un mes, o prezo de cada día que exceda do dito mes será de:

21,42 € o apartamento pequeno

23,46 € o apartamento mediano

27,54 € o apartamento grande

A estes prezos hai que engadirlle o 10% do IVE.

### 3.- PREZOS DOS CUARTOS INDIVIDUAIS E DOBRES RODRIGUEZ CADARSO:

Aplicaranse os seguintes prezos por día nos cuartos de invitados do Colexio Maior Rodríguez Cadarso:

PREZOS DOS CUARTOS INDIVIDUAIS PARA VISITANTES					
Primeiro tramo		Segundo tramo		Terceiro tramo	
1 día	31,00	11 días	291,00	21 días	424,00
2 días	62,00	12 días	309,50	22 días	430,00
3 días	93,00	13 días	328,00	23 días	436,00
4 días	124,00	14 días	340,00	24 días	442,00
5 días	155,00	15 días	352,00	25 días	448,00
6 días	186,00	16 días	364,00	26 días	454,00
7 días	217,00	17 días	376,00	27 días	460,00
8 días	235,50	18 días	388,00	28 días	466,00
9 días	254,00	19 días	400,00	29 días	472,00
10 días	272,50	20 días	412,00	30 días	477,36

PREZOS DOS CUARTOS DOBRES PARA VISITANTES					
Primeiro tramo		Segundo tramo		Terceiro tramo	
1 día	46,00	11 días	441,00	21 días	626,50
2 días	92,00	12 días	474,00	22 días	636,50
3 días	138,00	13 días	496,50	23 días	646,50
4 días	184,00	14 días	519,00	24 días	656,50
5 días	230,00	15 días	541,50	25 días	662,50
6 días	276,00	16 días	564,00	26 días	668,50
7 días	309,00	17 días	586,50	27 días	674,50
8 días	342,00	18 días	596,50	28 días	679,50
9 días	375,00	19 días	606,50	29 días	684,50
10 días	408,00	20 días	616,50	30 días	688,50

Se a estadía é superior a un mes, o prezo de cada día que exceda do dito mes será de 15,91 € no cuarto individual e de 22,95 € no cuarto dobre.

A estes prezos hai que engadirlle o 10% do IVE.

## Sinatura dixital / Firma digital / Digital signature

**Asinante/Firmante/Signer:** ANTONIO JAVIER FERREIRA FERNANDEZ, XERENTE, UNIVERSIDAD DE SANTIAGO DE COMPOSTELA, 26/10/2021 13:25:30.

**CSV:** 7574-24DA-4C62-B1BE